

JÚLIA IST

[Elena Martín, 2017]

268

ESTREA EN NUMAX: 28.07.2017 | V.O.S.E. | +12

Júlia ist (2016, 90')

Dirección: Elena Martín

Guión: María Castellvi, Elena Martín, Marta Cruañas, Pol Rebaque

Elenco: Elena Martín, Oriol Puig, Laura Weissmahr, Jakob D'Aprile, Carla Linares

Son: Alejandro Mazzoni

Montaxe: Ariadna Ribas

Fotografía: Pol Rebaque

Dirección de arte: Oriol Guanyabens

Vestuario: Nina Kroschinske, Vera Moles

Produtoras: Lastor Media, Antaviana Films (España)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Alemán, catalán, inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2017 (Zonazine mellor filme e dirección), Cinema D'A Barcelona (sección Un impulso colectivo)

Antes de marchar a Berlín de Erasmus, o futuro parecía moi claro para Júlia, unha estudante de arquitectura de 21 anos. Unha vez alí, completamente soa por primeira vez, decátase de que non se coñece tan ben a si mesma como pensaba e que non ten nin idea do que quere facer. Terá que asumir o reto de construír unha nova vida nunha cidade enorme e chea de xente.

«É difícil saber quen queres ser. Máis difícil aínda é contalo e Elena Martín faino da mellor forma, suxeríndoo en escenas concisas cuxa tensión dramática vaise acumulando»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



“Cómpre adaptar a historia á produción, e viceversa”

Entrevista con Elena Martín

Por Alfonso Rivera

De que maneira a túa participación como actriz n’*As amigas de Ágata* (Laia Alabart, Alba Cros, Laura Rius, Marta Verheyen, 2015) repercutiu na realización de *Júlia Ist*? Xa estaba en desenvolvemento o meu filme cando rodei *As amigas...*, filme que interpretei ao volver de Berlín: vivindo alí estiven a falar cos meus compañeiros sobre o que quería falar do Erasmus no meu traballo de fin de carreira. Foi útil que a universidade nos permitise facer unha longa, até entón non era moi habitual, e a nivel de prensa, que aquel filme tivese tan bo percorrido deunos unha lexitimidade e un acceso a sitios aos que teríamos chegado pero con maior esforzo.

Tamén supuxo aprendizaxe antes de afrontar a túa propia función de directora? Si, para comezar, eu como actriz fixera teatro pero nunca unha longametraxe, co cal non tiña traballado unha personaxe cun arco tan longo e diante da cámara. Como cineasta, mostroume como elas conseguían autofinanciarse e as súas dinámicas internas, xa que eran catro mulleres a dirixir.

Evitouches medos e vertixes para te afrontar á túa opera prima? Si, iso seguro, vin que podía facelo e con medios

inventados. Elas atoparon o seu propio método e iso era motivador: nós atopamos o noso propio, moi distinto ao delas, mais comprobei que cómpre facer cinema ao teu xeito, adaptando a historia á produción e viceversa, cos medios que tes.

Dirixiras algunha curtametraxe antes? Codirixín, no medio da carreira, unha cun compañeiro de clase, mais era un traballo moi colectivo, grupal e con moi pouco tempo, non era unha peza que saíse de min ou do que tivese plena responsabilidade, como sucedeu agora con *Júlia Ist*.

Publicado en <http://cineuropa.org/>

Nota de intención da directora

Por inercia e fuxindo dunha relación que non tiña sentido, decidín como tantos outros estudantes a metade de carreira, irme de Erasmus. Elixín Berlín porque a idea de ir a unha gran cidade parecía algo terriblemente excitante. Porén, a experiencia axiña me puxo a proba. Unha vez alí, volví atoparme con todo aquilo do que fuxira nun principio. Os meus colegas de facultade, Marta Cruañas e Pol Rebaque, tamén marcharan ao estranxeiro e axiña comezamos a intercambiar historias a distancia. As nosas conversas a través de skype deron pé á idea de reflectir as vivencias que compartiamos no noso traballo ao remate

da carreira. Precisamente da suma destas lembranzas xurdiu a nosa primeira longametraxe.

Júlia Ist é o resultado da necesidade de contar como foi a nosa primeira vez lonxe da casa. A primeira vez vivindo noutro país. A primeira vez sen amigos. A ruptura co primeiro amor. A primeira decisión por un propio. O primeiro rexeitamento. A primeira vez sendo egoísta. Mais non o quixemos explicar desde a inocencia da primeira vez, senón desde a torpeza daquel que vai tarde. Coa consciencia daquel que querería facelo mellor mais aínda non viviu o suficiente.

O compromiso do filme foi plasmar que converterse nun estudante de intercambio supuxo moito máis do que agardabamos. Normalmente esta experiencia asóciase cunha etapa da vida dedicada a vivir a xuventude da maneira máis lixeira e frívola posíbel. A través deste filme quixemos reivindicar a parte interna e máis íntima da viaxe. Deste xeito foi como xurdiu o personaxe protagonista. Júlia é alguén que sente a necesidade de fuxir do seu contexto vital para poder seguir a crecer e madurar, e case sen saber por que, decide partir a Berlín para seguir os seus estudos de arquitectura. Berlín é o espazo ideal para artellar o testemuño deste momento vital. Trátase dunha cidade europea, inmensa, nova e infatigábel. É un lugar onde Júlia pode do mesmo xeito atoparse ou perderse; facer grande ou empequenecerse.

Publicado en www.lastormedia.com/
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Las amigas de Ágata, VV.AA. Cameo [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX